

Festas do Verán de Boiro

Unha ampla programación con actividades para todos os públicos

O pregón, presentado por Luis Zahera, estará dedicado á mocidade boirense máis relevante

I. C.

Boiro celebra, desde hoxe ata o mércores 9 de xullo, as súas Festas do Verán. O programa desta edición, que conta con tres localizacións do centro urbano que acollerán as diferentes actividades pensadas para todos os públicos, foi presentado este pasado xoves polo alcalde, José Ramón Romero, e a edil de Cultura, María Outeiral. «O programa busca dar continuidade ao que vimos facendo nos últimos anos. É unha programación pensada para todos os grupos de idade», sinalou na presentación Outeiral. Concertos, verbenas, fogos artificiais, tributos e distintos espectáculos destacan nun dos festexos máis esperados da estación estival, realizados na comarca do Barbanza.

O pregón, que este ano está dedicado á mocidade boirense destacada en ámbitos como a ciencia, moda, innovación, arte ou deporte, estará presentado por Luis Zahera. Con todo, a festa dará comezo ás 20.00 horas co popular lanzamento de foguetes que inauguran as Festas de Boiro seguidos dos pasamúas coa charanga BB+. Ás 22.30 horas, a orquestra New York será a protagonista da esperada verbena. Ao seu remate, sobre ás 23.00h, comezará o concerto de Montedapena e Curi&Soundivan, na Praza da Terceira Idade. Tamén á mesma hora, pero noutra localización — neste caso será no Parque da Cachada — terá lugar a quinta edición do Remember Fest.

O sábado 5, terá lugar a tradicional malla do centeo que contará este ano coa participación dos grupos tradicionais Lumieira, Os Pequenos do Barbanza e Aroña. Pola noite, a música correrá a cargo do recoñecido grupo De Ninghures, que subirá ao escenario ás 23 horas na Praza da Terceira Idade, actuación que dará paso á verbena co tributo a Joaquín Sabina e La banda de ayer, na Praza de Galicia.

Na xornada do domingo as actividades, que terán un carácter tradicional, comezarán ás 10.00 horas, coa alborada a cargo de Ar de Loureda. Pola noite, como é habitual, a praia de Ba-

rraña acollerá o gran espectáculo piro-musical, que este ano contará coa actuación do bailarín Fran Sieira.

Para comezar a vindeira semana, celebrarase un ano máis o O Día das Peñas, o luns 7 de xullo, no que o colectivo Peñas Boiro AC ten preparados os seus tradicionais xogos peñeiros, a festa da auga e manguera de honra ou o xantar peñeiro, entre outros, no parque de A Cachada. A música da xornada correrá a cargo de The Cuncas, DJ Enter, Marcos Magán, Soundivan e Places. A verbena estará amenizada pola orquestra Assia, que tocará na praza de Galicia, ás 22.30 horas. Un concerto que dará paso ao tributo a

coñecida banda U2.

Nas dúas últimas xornadas a verbena estará amenizada polas orquestras París de Noia e Marbella, que actuarán desde ás 22.30 horas na praza de Galicia.

Mañá sábado será a tradicional malla do centeo con diferentes grupos tradicionais

A penúltima xornada, a do martes 8, comezará coa alborada a cargo da

agrupación musical Arume, que dará paso aos antos de taberna con A Dornina de Abanqueiro e Xoaniñas. Ambas agrupacións serán as encargadas de poñer a nota musical matutina.

As Festas do Verán 2025 de Boiro chegarán ao seu fin o mércores 9, coa celebración das tradicionais albordas e cantos de taberna pola mañá, que darán paso aos espectáculos musicais da noite. O primeiro será o show de DJ Matreco, seguido do concerto de Hugo Guezeta.

O colofón final chegará coa actuación da orquestra Panorama, que encherá de música e baile a Praza de Galicia, a partir das 23.00 horas.

FESTAS DE BOIRO

DO 4 AO 9 DE XULLO DE 2025

INFO NA REVISTA FOLIA
OU NO PROGRAMA DE MAN

CONCELLO DE BOIRO

VIERNES	4	MONTEDAPENA + CURI & SOUNDIVAN NEW YORK V REMEMBER FEST CHARANGA BB+ PREGÓN CON LUIS ZAHERA E IAGO PACO VULKANO XACOB O MÍNIMO SONIKO DB
SÁBADO	5	TRIBUTO A JOAQUÍN SABINA LA BANDA DE AYER DE NINGHURES DÍA DA MALLA LUMIEIRA OS PEQUENOS DO BARBANZA AROÑA
DOMINGO	6	FOGOS DE ARTIFICIO CON FRAN SIEIRA ORIGEN SUAVECITO AR DE LOUREDA TREGUA ABELDURA KILBARBEIRA GRUPO DE BAILE DE ABANQUEIRO
LUNS	7	ASSIA TRIBUTO A U2 DÍA DAS PEÑAS UXÍA LAMBONA THE CUNCAS DJ ENTER MARCOS MAGÁN SOUNDIVAN PLACES
MARTES	8	PARIS DE NOIA PAVA + SEÑORA DJ MARBELLA ARUME DORNINA DE ABANQUEIRO XOANIÑAS
MÉRCORES	9	PANORAMA HUGO GUEZETA DJ MATREK THE CUNCAS ARUME NUNCA É TARDE

CONCELLO DE BOIRO

Festas do Verán de Boiro

I.C.

A axenda cultural do mes de xullo na comarca do Barbanza está protagonizada por multitude de actividades programadas para todo tipo de públicos e de todas as idades. Unha das citas máis esperadas no calendario estival é a semana grande das Festas do Verán de Boiro. Uns festeiros que cada ano acollen a milleiros de persoas dispostas a gozar da súa ampla programación. Este ano, o cartel inclúe actividades que van desde varios tributos, a sesións musicais a cargo de grandes orquestras como a Panorama ou a París de Noia.

Desde hoxe, e ata o vindeiro 9 de xullo, serán varios os espazos da vila encargados de acoller a ampla programación cultural. Así, a praia de Barraña será o escenario natural no que se poderá gozar do gran espectáculo piromusical que xa é toda unha tradición.

Milleiros de persoas achéganse cada ano á vila para gozar da ampla programación

Entre os festexos máis agardados destacan o Remember Fest, que comezará cun pasarúas peñeiro e contará coas actuacións musi-



A orquestra Panorama será a encargada de poñer o punto final ás seis xornadas de festa na vila barbanzá coa súa actuación na Praza de Galicia, o mércores 9 de xullo

Remember Fest e Luns de Peñas, entre as actividades máis agardadas

Os diferentes espazos da vila, como a praia de Barraña, serán os escenarios naturais encargados de acoller o variado cartel cultural

cais de Euphoria Disco Show con Paco Vulkano, Soniko DB e Xacobo DJ. Tamén, o Luns de Peñas, no que un ano máis o grupo Peñas Boiro AC desenvolverá, no parque de A Cachada, diferentes actividades para todos, como os tradicionais xogos peñeiros, unha festa infantil ou a popular festa da auga co mangueirazo de honra.

De nuestra casa a la tuya

Ayda. de Barraña 50, Boiro
981 84 54 46
Ayda. da Constitución 65, Boiro
981 84 87 20

MUEBLES GUADALUPE

19 79

BOIRO (LA CORUÑA)

CALO'S

Materiales de Construcción

Almacén: Pol. Ind. de Espiñeira, fase 2 - parcela 7
Tel. 981 847 930

FERRALLA CALO'S

Ferralla Boiro
T. 981 846 893
Ferralla Noia
T. 981 822 702

ferrallacalosboiro@gmail.com

KORPORIS GYM

C/ Cimadevila 18 bajo
Boiro

by Kite Gracías

ALQUILERES REYCA

www.alquileresreyca.es • info@alquileresreyca.es

Oficinas principales:
Pol. Ind. del Tambre - Vía Nobel, 4
SANTIAGO
Teléfs.: 981 587 555 • Fax: 981 575 394

C/ Cimadevila, nº 67 - baj
BOIRO (Barbanza) o Teléf.: 981 846 554

MAQUINARIA PARA CONSTRUCCIÓN Y OBRAS PÚBLICAS

- Compresores Diésel y Accesorios
- Grupos Electrógenos
- Retroexcavadoras y Accesorios
- Compactación
- Dumpers
- Carretillas Elevadoras
- Hormigoneras
- Vibración
- Bombas de Achique y Accesorios
- Cañones aire caliente y
- Deshumificadores
- Hidrolimpiadoras
- Aspiradores Industriales
- Maquinaria de Corte
- Martillos Eléctricos y Accesorios

Festas do Verán de Boiro

Unha vila que destaca pola súa grandeza patrimonial

O Pazo de Goiáns, o castro de Neixón ou as praias, espazos de gran beleza natural



A pasarela que percorre o paseo marítimo de Carragueiros

I.C. Pertencente á comarca do Barbanza, e situada na ría de Arousa, esta vila

costeira destaca polos seus increíbles espazos naturais e a súa grandeza patrimonial. Máis alá dos festexos, este municipio coruñés merece ser visitado



A Punta Neixón, en Boiro, conta con dous grupos de Castros: o Castro Grande cara ao interior e o Castro Pequeno no extremo

pola súa significativa concentración de monumentos megalíticos.

Entre os monumentos máis destacados atópase o enclave natural de Punta Neixón, que acolle dous grupos de castros —o Castro Grande, cara ao interior; e o Castro Pequeno, cara ao extremo da península— na

parroquia de Cespón.

Tamén o histórico Pazo de Goiáns, é outro dos emblemáticos espazos que merecen ser visitados. Construído polos Fandiño Gayoso, durante á metade do século XVI, o único pazo visitable da comarca destaca pola súa situación privilexiada con saída directa ao

mar a través do estuario do río Coroño.

Pero son as praias, o principal atractivo turístico da zona con extensos areais como a praia de Barraña ou a de Carragueiros. Esta última conta cun privilexiado paseo marítimo situado nun espazo onde a flora e a fauna teñen un peso especial.

FONTANERÍA | TÉRMICAS | ELECTRICIDAD | GAS (CATEGORÍA A) | EQUIPOS A PRESIÓN
| CONTRA-INCENDIOS | INSTALACIONES INDUSTRIALES

www.instalacionesherfer.es
 Pol. Ind. de Espiñeira, P14 • Boiro - A Coruña
 T. 981 849 971 y 981 847 097 | comercial@instalacionesherfer.es

Construcciones y Reformas Barbanza SL

obra nueva - reformas - cubiertas - fachadas - "Aquapanel" - naves industriales/agrícolas

662 575 234 - 625 721 680 - info@crbarbanza.es

ELEUVE
ENXEÑARÍA & CONSTRUCCIÓN

Sen cambios, non hai evolución

ENXEÑARÍA
 informes • medición • catastro
 proyectos • certificación energética
 adquisición de áreas

oficinas en
 Boiro • Rianxo • Ribadumia

CONSTRUCCIÓN
 vivendas para nova • reformas
 naves industriais • agrícolas
 rurales

615153341 - 621018093

Grupo Outeiral

Autos R. Outeiral
 BOIRO. A CORUÑA
 Tel. 981 844 085
info@autosramonouteiral.com

J. Senin s.l.u
 SANTIAGO DE COMPOSTELA
 Tel. 981 587 526
senin@autocaresfsenin.es

SERVICIOS REGULARES Y DISCRECIONALES DE VIAJEROS
CIRCUITOS NACIONALES E INTERNACIONALES
VEHÍCULOS DE 16 A 63 PLAZAS
SERVICIO DE TAXI HASTA 6 PLAZAS Y ADAPTADO A P.M.R.